

PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 27 DE XUÑO DE 2022 POLA QUE SE CREA A REDE ENTRE O SECTOR PESQUEIRO E ORGANISMOS CIENTÍFICOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Orde do 27 de xuño de 2022 creou a Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a Administración pesqueira de Galicia.

Esta orde modificouse mediante a Orde do 11 de setembro de 2024, coa finalidade de adaptala á nova normativa relativa ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), no referido ás funcións da Presidencia, así como para incorporar ao Centro Tecnolóxico do Mar (FUNDACIÓN CETMAR), como un novo organismo científico dentro da Rede.

A Rede configúrase como un órgano colexiado, adscrito á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro composto por unha presidencia, dous vicepresidencias e 17 vogalías en representación dos organismos científicos e do sector pesqueiro, por proposta das distintas organizacións ou institucións.

O 18 de decembro de 2023 publicouse no *Boletín Oficial do Estado* a Resolución do 5 de decembro de 2023, da Presidencia da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, sobre delegación de competencias. No seu apartado oitavo, referido á participación e representación institucional en entidades nacionais, delega na persoa titular da Vicepresidencia de Organización e Relacións Institucionais, entre outras competencias, as relativas á proposta, nomeamento ou aceptación, segundo corresponda, de representantes do CSIC en comisións de seguimento de convenios e de encomendas de xestión, así como en grupos de traballo, comités, comisións, padroados, órganos reitores de Institutos Mixtos, plataformas, redes, asociacións, fundacións, consorcios, sociedades mercantís e calquera outra entidade pública ou privada, de ámbito nacional, autonómico ou local, na que participe o CSIC ou na que deba de estar representado, excepto a designación de representantes recollida nos apartados 6.2 e 8.2 da referida resolución, e sempre que non estea previamente determinado o titular do órgano que deba exercer a representación do CSIC. Tal circunstancia esixe modificar o punto 5º da letra d) do número 1 do artigo 4 da Orde do 27 de xuño de 2022, no relativo á proposta de nomeamento das persoas investigadoras do CSIC.

En consecuencia, en virtude das facultades conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 27 de xuño de 2022 pola que se crea a Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia*



O punto 5º da letra d) do número 1 do artigo 4 da Orde do 27 de xuño de 2022 pola que se crea a Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado da seguinte maneira:

“5º. Dúas persoas investigadoras da Axencia Estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), das cales unha pertencerá ao Instituto de Investigacións Mariñas e a outra ao Instituto Español de Oceanografía, ambas propostas polo órgano competente do CSIC.”

Disposición final única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Alfonso Villares Bermúdez

Conselleiro do Mar